



Nota de Prensa

A PLATAFORMA GONDOMAR VIVE PRESENTARÁ UN INFORME AO PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS RECLAMANDO A ELIMINACIÓN DOS VIAIS EN GONDOMAR.

A Plataforma Gondomar Vive realizou hoxe, domingo día 9 de novembro, ás 12 da mañá no Auditorio Lois Tobío, unha asemblea que contou coa participación de máis de 300 veciños e veciñas de Gondomar.

A asemblea da Plataforma acordou presentar un informe con suxestións ao Plan Director de Estradas, reclamando a eliminación dos viais previstos para Gondomar neste documento, que coinciden coa proposta xa realizada no Vigo Íntegra, mais presentando un trazado diferente. O Plan Director de Estradas contempla a construción dun corredor desde a saída da AG57 en Vilaza a Couso, coa finalidade de unir esta saída da autopista con Tomiño, e unha circunvalación a Vincios. Trátase por tanto da mesma proposta, cunha reserva de expropiación semellante á da construción dunha autopista. A Plataforma Gondomar Vive segue considerando que estamos ante un vial innecesario e que non ten ningún tipo de xustificación, de feito o propio documento non consegue recoller a súa necesidade. Non esquezamos que se propoñen actuacións en Gondomar para vias que, segundo a catalogación que presentan, son das menos saturadas de Galicia, mentres noutros puntos peor comunicados ou máis distantes de viais de alta capacidade non se propoñen actuacións. Por outro lado, estas propostas non son acordadas coas directrices europeas que recomendan a utilización das actuais vias, mentres non se acaden determinados niveis de saturación. Neste sentido, a Plataforma segue demandando que, en todo caso, se liberalice de peaxe a autopista e lembra que o único problema de comunicación que ten Gondomar é que non conta cun servizo axeitado de transporte colectivo.

De acordo con isto a asemblea acordou solicitar unha entrevista co Director Xeral de Obras Públicas para trasladarlle este informe ao Plan Director de Estradas e tamén ás Directrices para a ordenación do territorio de Galicia.

A asemblea tamén acordou responder por escrito á Conselleira en relación coa súa negativa de recibir á Plataforma por ter unha axenda moi apertada.

Por outro lado a Plataforma Gondomar Vive participará na mobilización prevista en Vigo para o día 30 de novembro, na que diferentes colectivos se manifestarán contra o Vigo Íntegra. A Plataforma acudirá a esta mobilización para reclamar a retirada definitiva dos viais en Gondomar.

Gondomar 10 de novembro de 2008.
Plataforma Gondomar Vive